

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2022.

PRESIDENTE:**D. CARLOS LÓPEZ FONT.****VOGAIS:**

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de Dona OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS*).
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. JOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as 12 horas e seis minutos do día 21 de outubro de 2022 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona Olga María García Ballesteros, sendo substituída pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA DE REUNIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL PARA O DÍA 21-10-2022.**

O Presidente da Comisión somete a votación o pronunciamento das deputadas e deputados que forman parte da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital sobre a urxencia da convocatoria para levar a cabo esta reunión extraordinaria urxente, obtendo o seguinte resultado:



1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha

Unha vez efectuada a votación e tendo en conta que se aprobou por unanimidade o pronunciamento sobre a urxencia da convocatoria para levar a cabo a reunión extraordinaria urxente do día 21 de outubro de 2022, procedese a continuar co debate sobre o seguinte punto da orde do día.

2. EMENDA Á TOTALIDADE PRESENTADA POLO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. (EXPTES.- 2022063204 -2022043354).

O Deputado, José Alfonso Marnotes González, presentou a través da sede electrónica o día 19 de outubro de 2022 co número de rexistro WEB2022054346, un escrito asinado polo voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela López, cuxo contido é o seguinte:

“Que logo de se ditaminar na Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital a proposta de acordo de aprobación inicial do Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o exercicio de 2023 (EXPTES.- 2022063204 - 2022043354) formula a seguinte

EMENDA Á TOTALIDADE DO PROXECTO.

Preséntase un proxecto de orzamento por un total de 181.633.895,00 €, o que supón un incremento de 5.837.424,00 € e que supón un 3,32 % sobre o Orzamento do exercicio corrente 2022.

Este pequeno incremento é decepcionante na medida en que contrasta cos orzamentos expansivos que presentaron tanto o Estado (10,8%) como a Xunta de Galicia (8,5%).



Con todo, e como o informe económico – financeiro e á propia memoria da presidencia limita o incremento de ingresos totais nun 3,32% nada podemos opoñer ao respecto.

Pero si debemos sinalar que as achegas dos Fondos NEXT-Generation á Deputación son de 1.407.730 Euros, o que apenas supón o 0,78% do total dos ingresos e que da medida do esforzo que inda ten que facer o goberno provincial na procura de ingresos por esa vía como xa fixeron outras entidades locais do Estado que xa teñen asignados 15.000 millóns de euros dos fondos de recuperación segundo informa a propia FEMP.

Agora ben, sendo tan cativo o incremento do orzamento de gastos respecto ao ano anterior e sendo tamén as necesidades dos concellos moito maiores este ano que o anterior (debido substancialmente ao incremento do custe dos servizos que prestan e dos seus propios gastos correntes) o esforzo de contención do gasto en outros conceptos e partidas debera ser maior que o que se propón para que o que se transfira aos concellos supere ese 3,32%.

Moi polo contrario, as transferencias que se prevén nos orzamentos son incluso inferiores ao ano pasado. As suma das transferencias correntes e de capital aos Concellos (462 e 762) é de 59.362.369,00 € cando no presente exercicio se aprobaron no orzamento inicial 62.173.380,00 €.

Esta diminución de 2.811.011,00 € (un -4,52%) carece xustificación algunha, é absolutamente contraproducente e motiva por si mesma a devolución ao goberno do orzamento para a redacción dunha nova proposta no que o que se incremente de xeito substancial o orzamento de gastos nos conceptos 462 e 762.

Se na propia Memoria da presidencia se recoñece que os créditos para gastos do capítulo II experimentan un incremento de máis de 3 millóns de euros (o que supón unha suba de máis do 8%) como consecuencia do incremento de prezos, o certo é que as transferencias correntes aos concellos deberían subir na mesma proporción.

O mesmo podemos dicir con respecto ao importante incremento no capítulo VI de máis de 4 M de euros (máis dun 33%) que xunto coa suba do Capítulo I (derivada do marco legal) absorbe todo o incremento do presuposto. Se o capítulo VI sube, o que pedimos que que suba tamén o VII para os concellos.



Non é admisible que todo o que a Deputación gasta en si mesma supere en todos os capítulos o porcentaxe de incremento medio do orzamento e, polo contrario, todo o que transfire aos Concellos da provincia sexa inferior a ese incremento. Pero o que é absolutamente rexeitable e debe ser corrixido é que se reduza con respecto ao orzamento inicial do exercicio corrente.

XA que logo, este grupo provincial propón unha subida substancial das transferencias aos Concellos e, nomeadamente, do Plan Concellos. Incremento que debe resultar dos propios orzamentos do ano 2023 que agora se aproben e non dos remanente líquido de tesourería que o único que fai é enmascarar a redución das cantidades que reciben os pequenos concellos da provincia.

O orzamento que se aprrobe debe prever un incremento importante do Plan Concellos con independencia de que os remanentes de tesourería se apliquen tamén a programas que teñan por obxecto axudar aos concellos da provincia.

Por outra banda, debe existir tamén previsión nos orzamentos para poñer en marcha iniciativas que son de interese tanto para os concellos como para os veciños e veciñas da provincia:

- *No basta con incrementar o Plan Concellos. É preciso tamén tendo en conta que os concellos da provincia de Pontevedra só contan co Plan Concellos a través da deputación provincial como único instrumento do ente provincial para financiar calquera investimento, iniciativa ou mellora de bens e servizos de titularidade municipal, a institución provincial debe responder con todo o seu apoio ao seu alcance ás solicitudes dos concellos, polo que o Grupo Provincial do PP, considera preciso que a Deputación de Pontevedra, na liña na que xa traballan outras (Sevilla, Huelva, etcétera), proceda a constituír un Fondo Financeiro Extraordinario de Anticipos Reintegrables destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes que teña a debida consideración orzamentaria.*
- *É preciso tamén consignar crédito suficiente para a aprobación dunha convocatoria de subvencións ás Comunidades de Augas da Provincia legalmente constituídas ao obxecto de financiar proxectos de mantemento, mellora ou ampliación dos servizos de abastecemento de auga a domicilio prestados por tales entidades de dereito público.*

Por todo o exposto presentamos esta emenda á totalidade aos Orzamentos do 2023 para que logo do seu ditame e votación na Comisión Informativa correspondente se devolva o proxecto ao goberno para a elaboración de outro proxecto orzamentario que



teña en conta as prioridades de gasto que se establecen no presente escrito segundo o que nel se motiva

Unha vez debatida a emenda presentada polo grupo provincial do Partido Popular e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina desfavorablemente emenda á totalidade presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular en relación a proposta de acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2023, cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e dez minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

